

***Herba Moura* de Teresa Moure**

Mentras remexo con coidado a taza que hoxe me fai compañía, deixo que suba paseniño polo meu nariz o vivo e fresco arume de framboesa. Mestúrase co da roupa recén planchada que acabo de deixar no cesto. Cando se mesturan ambos cheiros, e coma se dun acto reflexo se tratara non podo evitar pechar os ollos e sentirme na casa de Hèléne Hans agachada xunto as súas herbas e feitizos máxicos. Esta é sen dúbida a inevitable pegada que para sempre Teresa Moure deixou no meu subconsciente coa súa obra, *Herba Moura*.

14 de outubro de 2023



por [Cristina Corral](#)

<https://diariomarin.com/cultura/herba-moura/>

De mulleres e paixóns, se e que aínda queda xente que seña quen de diferenciar entre ámbalas dúas cousas, de iso trata *Herba Moura*. Paixón pola vida, polo amor, polo sexo, polo desexo, por mulleres e por homes, por fill@s, por saber, por coñecer o pasado e por riba de todo, por sentir todo isto.

[Moure](#) escribe paseniño unha Biblia para meigas novas. Cada rincón do texto é un pequeno recuncho no que se deitar a durmir para termos soños lixeiros, que voen sen alas, que acariñen sen mans e den de comer as almas ademais de ós corpos.

Herba Moura garda entre as súas páxinas a vida de varias mulleres que se entrelazan nunha histórica viaxe dende a Holanda que rexenta a raiña Cristina de Suecia ata a Galicia contemporánea. Ademais das curvas do corpo e do destino, teñen en común unha fina ironía e unha densa sabiduría popular que impregna toda a obra e que fai que sexa imposible non sentir ganas de roubarlle os pensamentos a Moure.

De remedios de amor

Remedios de amor con moralexa e con sabios consellos que veñen de mulleres que non é que sexan de armas tomar como nos di Teresa, senon que son elas mesmas as armas, bicos que

desexaríamos ter dado nós no canto delas, feitizos máxicos que nalgún intre da vida quixeríamos ter a man...

Polas páxinas de *Herba Moura* circula unha sorte de sangue de muller que desvela unha increíble historia a modo de carta, de receita, de poema... todos eles, textos de mulleres que son distintas pero que no fondo son unha mesma, a muller que todas temos dentro.